



# CELEBRACIÓN DE FIN DE AÑO E ANINOVO EN OS COTOS


31 de decembro do 2022 e 1 de xaneiro do 2023



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

**CANTO** 🎵 n° 65 *Imos compañeiros imos  
ou n° 1* *Que ledos hoxe estamos*

**Celebrante:**

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Un ano dá para moito. Dende logo que dá para facer as cousas ben, pero tamén dá para facelas mal. Dá para compartir e dá para pensar só nun mesmo. Dá para vivir alegrías pero tamén dá para tristuras.

Hoxe neste día do ano queremos celebrar todas esas esperanzas que valen a pena.

Queremos deixar atrás todos os atrancos vividos, e sobre todo queremos desexarnos o mellor, tanto a nivel persoal, como familiar, como parroquial, como nos Cotos, para este 2023.

O noso desexo de BO NADAL queremos que se faga realidade neste 2023 que arranca xa. Que sexa un bo camiñar.

Que ao longo do ano sexamos quen de facer partícipe a Santa María nos nosos camiños de vida e de fe.

## PROCLAMACIÓN DO GLORIA

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS  
E NA TERRA PAZ*

**OU CANTO** 🎵 *nº 66 Gloria ao Señor nas alturas*

Cantémoslle cos anxos, cos pastores,  
cantemos con María e con Xosé,  
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS  
E NA TERRA PAZ*

Cantémoslle cos pobres e cos pequenos,  
a quen Deus lles procura tanto ben,  
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS  
E NA TERRA PAZ*

Cantémoslle ao Deus que nos visita,  
que mostra na humildade o seu poder,  
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS  
E NA TERRA PAZ*

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

*Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior, e agradecemos os bos desexos e esperanzas que compartimos neste día.*

*(silenzo)*

## *Celebrante:*

Deus, noso Pai, polo teu Fillo nacido de María, Virxe e Nai, ti déchesnos a salvación.

Concédenos sentir a intercesión daquela por quen recibimos ao autor da vida.

Así queremos compartir neste día do ano, e así acudimos a Ti, Pai, por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

*Leccionario I páx*

*Gal 4, 4-7*

*LECTURA*

## PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO AOS GÁLATAS

**Irmáns e irmás:**

Así que chegou a plenitude dos tempos, Deus mandounos o seu Fillo, nacido de muller e suxeito á Lei, para rescatar os que estabamos baixo a Lei e para que recibísemos a profillación. A proba de que sodes fillos del é que Deus mandou aos vosos corazóns o Espírito do seu Fillo que exclama ¡Abbá! (que quere dicir ¡Papá! ). Polo tanto, ti xa non es escravo, senón fillo. E, por seres fillo, tamén, grazas a Deus, es herdeiro.

**Palabra do Señor**

♪ n° 68 *Con un sombreiro de palla* SALMO  
*Ou n° 3 Unha xuntanza de amor*

(en pé) *Leccionario II* páx Lc 2, 16-21 *EVANXEO*

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO  
SEGUNDO LUCAS**

Daquela foron os pastores a correr ata Belén e atoparon a María e máis a Xosé, e á criatura deitada na manxadoira. Ao que o viron, contaron todo o que lles dixeran do meniño, deixando pasmados a cantos escoitaban o que tal dicían os pastores.

María, pola súa parte, conservaba todas estas cousas no seu corazón. Os pastores voltaron, glorificando e louvando a Deus por canto viran e oíran, tal como lles fora anunciado.

Aos oito días tocaba circuncidar o neno e puxéronlle de nome Xesús, tal como o chamara o anxo antes da súa concepción.

**Palabra do Señor**

(**sentad@s**) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Se somos cribles,  
o 2023 será un tempo de proveito



(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** *Neste encontro parroquial, sabendo que Deus nace nas nosas mans, medra coa alegría dos nenos e a sabedoría dos maiores, con desexos de felicidade damos razón da nosa fe diante dos demais dicindo*

**SI, CREEMOS**

**Monitor/a**

Credes en Deus Pai,  
que acompaña os nosos camiños da vida  
como naquel cortello de Belén?

**SI, CREEMOS**

Credes en Xesús,  
que se achega a todos nós  
e nace pobre e no medio dos pobres?

**SI, CREEMOS**

Credes no Espírito de Deus  
que nos alenta a compartir coa ilusión do Nadal?

**SI, CREEMOS**

Credes na igrexa,  
comunidade e familia  
que quere medrar acollendo a Xesús  
que se fai no medio dos empobrecidos desta terra?

**SI, CREEMOS**

(en pé) **ORACIÓN UNIVERSAL**

**Celebrante:** *Moitas son as cousas que queremos agradecerche Señor, moitas son as persoas ás que lle queremos dar grazas, facémolo dicindo*

**GRAZAS POLO TEU FILLO, SEÑOR**

**Monitor/a**

- ✓ Polas persoas que agora están a nosa beira rezando con nós, dicimos
- ✓ Polas persoas que ao longo do ano seguirán implicadas na catequese,
- ✓ Polos pais e nais que ao longo do ano se comprometerán por educar na fe aos seus fillos,
- ✓ Polas persoas que están dispostas a seguir colaborando no grupo de cáritas nos Cotos,
- ✓ Polas persoas que se preocupan e colaboran coa economía parroquial,
- ✓ Polas persoas que colaboran en cada celebración da eucaristía, en cada celebración da Palabra, en cada celebración na casa,
- ✓ Polas persoas que participarán nas festas dos Cotos,
- ✓ Polas persoas que formamos esta comunidade e a grande familia da Igrexa,
- ✓ Polas persoas que por unhas ou outras razóns non están tendo un BO NADAL,

**Celebrante:** *Todos cho agradecemos a Ti Señor, que nos convidas a medrar co teu Fillo nacido no medio de nós e que vive e reina por sempre eternamente. Amén.*

### 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

#### NOSO PAI

**Celebrante:** *Estamos compartindo, Señor, os nosos mellores desexos para este ano que estamos a comezar, son unha pequena mostra dos nosos compromisos. Sabendo que estamos nas túas mans, rezamos como mellor podemos facer, por iso agradecidos con santa María, nosa Nai, dicimos:*

*NOSO PAI ...*

#### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *As nosas mans abertas expresan a nosa vontade de ser acolledores e solidarios; con estas mesmas mans queremos amosar a responsabilidade de ser cribles na paz, condenando calquera violencia. E nestas mesmas mans pousase Xesús porque é NADAL.*

#### COMUÑÓN

**Celebrante:** *A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla. Hoxe é unha mesa que nos fai partícipes do Salvador que nace no medio de nós para darnos vida. Ditosos nós convidados a compartir este NADAL do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

**CANTO 72**  *Durme meniño*  
**ou nº 58**  *Acharte presente na vida*

### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

#### ORACIÓN FINAL

#### **Celebrante:**

*Señor, acudimos a Ti, e compartimos con ledicia este sacramento, neste día en que festexamos a María, Nai do teu Fillo e Nai da Igrexa.*

*Fai que este sacramento nos aproveite para vida eterna.*

*Pedímolo por Xesucristo, noso Señor, que facéndose Nadal vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén*

*Co Nacemento do seu Fillo, Deus iluminou este Nadal. Coa súa bondade infinita encha os nosos corazóns de amor e de paz. Amén*

*El anuncioulle aos pastores o gozo inmenso do nacemento salvador do seu Fillo. Que El encha os nosos corazóns coa súa alegría e nos faga mensaxeiros do evanxeo. Amén*

*E polo Nadal do seu Fillo, Deus uniu a terra co ceo. Que El nos faga merecentes aquí do seu amor, e no ceo da súa vida sen fin. Amén*

*Que teñamos un bo día, un farturento 2023, e que o Señor, por intercesión de Santa María, nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve á vida eterna. Amén*



“Os pastores, no cortello de Belén,  
atoparon a María, a Xosé  
e ao neno deitado na manxadoira.”  
*Palabras do evanxeo de hoxe.*



MOI BO NADAL E FELIZ 2023